



MEMORIA DE AVALIACIÓN

Andrés

“Medrando cos nosos maiores”



Esta memoria foi realizada por:

- ✦ **M^a Alcira Baleato Negreira** (Traballadora social Centro de Saúde Fontiñas)
- ✦ **María del Carmen Vilas Miramontes** (Traballadora social Cruz Vermella)
- ✦ **Beatriz Sixto Solar**, traballadora social do PASS Fontiñas (Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela).
- ✦ **María Jesús Viqueira Perez**, traballadora social do PASS Fontiñas (Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela).
- ✦ **Margarita Vázquez Teo**; educadora social do PASS Fontiñas (Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela).



Índice

Páxs.

*Presentación	5
1. O proxecto "Medrando cos nosos maiores" estaba fundamentado en	6
2. E co proxecto pretendíase acadar os seguintes obxectivos	10
3. O desenvolvemento do proxecto	12
3.1.- O inicio	13
3.2.- A "fase PRE"	14
3.2.1.- A organización	14
3.2.2.- A difusión do proxecto	15
4.3.- A "fase DURANTE"	15
4. A avaliación de resultados	17
4.1.- Como se fixo a avaliación?	18
4.2.- Avaliación cuantitativa	20
4.3.- Avaliación cualitativa	21
4.4.- Grao de consecución de obxectivos	23
4.5.- Suxestións para vindeiras edicións	25
5. A modo de resume	31
5.1.- A actividade en imaxes	27
5.2.- Os soportes documentais	32



“Medrando cos nosos maiores”

- + 7 de marzo de 11:00 a 12:00 horas no salón de actos do Centro Sociocultural das Fontiñas **USO RACIONAL DA MEDICACIÓN**
- + 14 de marzo de 10:00 a 11:30 horas no salón de actos do Centro Sociocultural das Fontiñas **USO DA TELEFONÍA MÓBIL**
- + 24 de maio as 17:00 no salón de actos do IES Antonio Fraguas obra de teatro “ Universos de Lectura”



Presentación

Dando un paso máis nas intervencións comunitarias, dende o centro de saúde de Fontiñas, Cruz Vermella e o Punto de Atención de Servizos Sociais de Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela), decidimos aunar esforzos para deseñar e implementar o proxecto “Medrando cos nosos maiores”. O fin que se persegue é ...mellorar a calidade de vida das persoas maiores promovendo accións que favorezan un envellecemento activo.

A través do coidado da saúde pretendemos conseguir que o colectivo de maiores teña un importante e imprescindible valor para a sociedade a través da planificación de accións que teñen como fin mellorar a calidade de vida, favorecendo as súas oportunidades de desenvolvemento para unha vida saudable, participativa e segura.

Consideramos que o deseño destas accións son unha ferramenta básica para continuar co proceso de crecemento persoal, e isto é o que se pretende:

- ... acadar unha eficiente utilización de todos os recursos existentes no barrio
- ... fomentar a participación e vinculación social dos maiores co seu entorno máis próximo
- ... facilitar ferramentas que potencien as capacidades e habilidades persoais que lles permitan adaptarse os novos retos vitais e desenvolverse na súa vida cotiá
- ... E, por último, lembrar que existe un claro compromiso do Concello de Santiago de Compostela con tódalas accións encamiñadas ao benestar dos nosos maiores do municipio.

Vexamos nas seguintes páxinas o desenvolvemento do proxecto...




**I.- O proxecto "Medrando cos nosos maiores"
estaba FUNDAMENTADO...**

Nos últimos anos o barrio das Fontiñas caracterizouse polo inicio dun percorrido dentro da dinamización en rede comunitaria, a través do seu Plan de Desenvolvemento Comunitario. O mesmo naceu coa finalidade de incrementar o benestar de todos os



colectivos que residen nesta zona, promovendo a súa inclusión social e a participación activa dentro da súa comunidade. Neste senso, teñen e tiveron cabida varios programas e proxectos que seguen este fío condutor da mellora social.

E, en consecuencia, impleméntase un traballo integral a nivel comunitario, baseado na intervención conxunta, en rede, respectando as características de cada servizo, pero buscando ao mesmo tempo as sinerxias e os puntos de encontro que permitan buscar obxectivos comúns e compartir estratexias de traballo:



Fonte: III Diagnóstico Comunitario. UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios), xullo 2015.

Non hai que esquecer que os fins da intervención comunitaria non deben ser exclusivamente asistencialistas (si ben hai que traballar para a cobertura das necesidades básicas da cidadanía), senón que debe dar un paso adiante, incidindo na prevención, como veremos máis adiante, e na integración no contorno comunitario (non dende a asimilación



senón dende a pertenza a un barrio, dende a convivencia positiva da súa veciñanza, respectando as diferenzas de cada quen).

En vintedous anos de existencia, as características sociais do barrio experimentaron notables cambios. Segue tendo unha pirámide poboacional xove (aínda que menos), na que o reemplazo xeracional está garantizado, pero o colectivo de persoas maiores irrumpe con forza no espectro social. Voltamos a reiterar que as condicións xeográficas do barrio e a configuración urbanística son as que condicionaron e seguen condicionando a realidade social; Fontiñas caracterízase pola súa accesibilidade; aínda que todo é susceptible de melloras, si se pode afirmar que un dos barrios que reúne elementos e factores para facilitar a vida de calquera persoa que presente limitacións ou dificultades de mobilidade; así, por poñer un exemplo, podemos suñar que tódolos seus edificios contan co servizo de ascensor (si ben, en moitos casos, as dimensións do mesmo, debería ser un pouco superior para facilitar o seu uso a persoas con mobilidade reducida).

Partindo do expresado no párrafo anterior o colectivo dos maiores do barrio está a experimentar un notable crecemento.

A fundamentación deste proxecto, radica principalmente nun enfoque preventivo e enmarcaríase nas seguintes liñas de intervención:

- **Liña nº 4 do III Diagnóstico Comunitario:** Activar proceso de solidariedade social.
- **Liña nº 15 do III Diagnóstico Comunitario:** Activación do voluntariado social.
- **Liña nº 11 do III Diagnóstico Comunitario:** Actividades de convivencia comunitaria.

O envellecemento activo é, sen dúbida, un factor que contribúe directamente ao mantemento da capacidade funcional dos individuos, con todas as vantaxes que isto entraña, tanto a nivel persoal como a nivel familiar e social. Fomentar un este proceso supón retrasar, incluso evitar, as situacións de discapacidade e dependencia.

Aínda que se promovan principalmente actuacións vinculadas ás liñas de traballo anteriores, os obxectivos principais diríxense á totalidade da poboación, tratando de




favorecer a integración social de todas as persoas. A actuación comunitaria é unha estratexia metodolóxica que busca coordinar a todos os colectivos que forman a comunidade, ademais de acadar o seu compromiso e implicación para que, entre todos, se poidan realizar aportacións que conducen a un claro incremento do benestar social.

A Intervención Socioeducativa e a Participación Social, son unha peza máis do puzzle que conforman as estratexias de promoción do Envellecemento Activo e Saudable.

- Individuo = axente activo no seu proceso de envellecemento
- “Nunca é tarde para cambiar hábitos”





II.- E co proxecto pretendíase acadar os seguintes obxectivos...



- **Xeral:**

- Promover hábitos socialmente saudables (aquelas condutas ou pautas de acción levadas a cabo pola persoa maior, orientadas de maneira principal a manter, desenvolver e potenciar as súas redes de apoio social), así como o establecemento de novos comportamentos potencialmente exitosos.
- Mellorar a calidade de vida da poboación maior do barrio.
- Optimizar as destrezas, capacidades e habilidades persoais que permitan o máximo grao de autonomía.
- Mellorar o equilibrio persoal do individuo previndo posibles problemas de afastamento e soidade.
- Desenvolver unha atención integral á poboación e, en especial, aos sectores mais vulnerables.

- **Específicos:**

- Xerar no barrio de As Fontiñas procesos de participación comunitaria centrado este proxecto na participación das persoas maiores
- Promover espazos de convivencia entre mozos e mozas e os maiores.

- a) **Actividade sobre a saúde:**

- Concienciar sobre o uso racional de medicacións, adherencia terapéutica e das consecuencias que poden ter este tipo de accións sobre a saúde.
- Tratamentos de obrigado cumprimento.
- Realizar un adecuado almacenaxe da medicación.
- Información sobre puntos de reciclaxe da medicación.
- Outros.....

- b) **Actividade sobre as tecnoloxías da comunicación:**

- Incrementar as competencias nas novas tecnoloxías.
- Comprender os mecanismos básicos do teléfono móbil: encender, apagar, chamar, crear contactos de emerxencia, coñecer o número de emerxencia, etc.
- Resolver dúbidas, previas a actividade como posteriores á mesma.
- Fomentar a súa utilización na vida cotiá.
- Fomentar a autonomía e promover unha maior integración na sociedade mediante a utilización das TIC.



III.- O desenvolvemento do proxecto...



Lacort



III.1.- O INICIO

Dentro da comisión de maiores quíxose dar resposta a unha serie de necesidades e problemáticas detectadas polos profesionais das distintas entidades e institucións do barrio que traballan con este sector. Para elo foron deseñadas e impartidas actividades que abarcaban distintas áreas (saúde, tecnoloxía, grupos interxeneracionais, coñecemento doutras organizacións..... enmarcadas dentro dun novo proxecto denominado “Medrando cos nosos maiores”.

A idea inicial de deseñar e levar a cabo de novo o presente proxecto xurdiu nunha xuntanza de barrio, promovida a iniciativa da traballadora social de saúde especialmente preocupada polos nosos maiores. A súa dilatada experiencia profesional xunto coa información obtida da coordinación cos facultativos da saúde, referidas a este colectivo, xeran numerosas demandas tanto sentidas como percibidas.

Para dar resposta a estas, decidiuse convocar a Comisión de Maiores da cal participan as entidades do barrio que traballan directa ou indirectamente cos nosos maiores. Desta xuntanza xorde a iniciativa de realización dun proxecto específico que dera resposta as necesidades sentidas con este colectivo vinculadas coa saúde e as novas tecnoloxías.

As actuacións que se valorou implementar foron as seguintes:

1. **Charla-Colóquio : “USO RACIONAL DA MEDICACIÓN”** a cargo de M^a Mar Ferro Soto (Farmacéutica C.S Fontiñas), Dolores Montiel Carracedo (Médico C.S Fontiñas), M^a Alcira Baleato Negreira (Traballadora social C. S Fontiñas) e Fernando Rodríguez Gerpe (ATS).

O deseño desta actividade responde as necesidade sentidas/ percibidas dende o sistema de saúde en canto o mal uso que se estaba realizar por parte dos nosos maiores coa administración de medicamentos, almacenaxes destes, uso de medicamentos xenéricos así como as confusión existente en canto a etiquetaxe destes.

2. **Actividade práctica sobre o “USO DA TELEFONÍA MÓBIL”** a cargo do alumnado en prácticas da USC , Facultade de Ciencias da Educación, técnicas do PASS Fontiñas e traballador social de Saúde de Fontiñas.



Esta actividade responde a demanda que fan os maiores dunha atención mais personalizade para aprender o uso e manexo dos móbiles.

Posteriormente e logo de coñecer a boa acollida das accións deseñadas, dende o IES Antonio Fraguas, e en concreto a súa orientadora, propón que se realice unha actividade conxunta co seu alumnado aproveitando a Aula de Teatro existente no centro educativo. O IES Antonio Fraguas organiza a primeira edición do Festival Galego de Teatro Escolar, trala incorporación de Santiago por primeira vez ao Circuito Galego de Teatro Escolar.

A calidade do grupo de teatro así como os contidos abordados na obra : **“ Universos de Lectura”** permiten crear un espazo de encontro e reflexión enriquecedor para ambos colectivos.

- 3. **Obra de Teatro : “Universos de Lectura”** aproveitando a Aula de Teatro existente no centro educativo.

III.2.- A FASE PRE

III.2.1.- A organización.

Para concretar esta idea procedeuse a unha distribución de “funcións”:

- **Elaboración do proxecto:** a cargo da traballadora social do centro de saúde de Fontiñas, traballadora social de Cruz Vermella e as técnicas do PASS Fontiñas: traballadoras sociais e educadora social (pertencentes aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).
- **Contacto cos profesionais do ámbito da saúde:** a cargo da traballadora social do centro de saúde de Fontiñas,
- **Xestión dos espazos e equipamentos:**
 - Técnicas do PASS Fontiñas.
- **Cartel para a difusión:** elaborado pola pai dunha alumna en prácticas da USC de Santiago do grao de Pedagogía, Don Andrés Pérez Dorado.
- **Deseño da folla de avaliación** a cargo da traballadora social de Cruz Vermella e das técnicas do PASS Fontiñas.
- **Pasar enquisas de avaliación** a cargo da traballadora social de Cruz Vermella.



- **Financiación do proxecto**, a cargo do Proxecto comunitario: “Mercadillo Solidario”.
- **Elaboración da memoria**: a cargo da traballadora social do centro de saúde de Fontiñas, traballadora social de Cruz Vermella e as técnicas do PASS Fontiñas: traballadoras sociais e educadora social (pertencentes aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).

III.2.2.- A difusión do proxecto.

- 1) Difusión a través da rede telemática que engloba rede comunitaria na que se atopa a de Fontiñas (www.compostelaintegra.gal).
- 2) Pegada de carteis anunciando as activade no C.S.C. das Fontiñas nos espazos e actividades nas que participan os maiores.
- 3) A traballadora social de Cruz Vermella, entregou cartas aos participantes nas actividades de maiores que acoden a súa entidade , facendo ao tempo un chamamento individual da promoción da asistencia.
- 4) A traballadora social do centro de saúde de Fontiñas publicitou a actividade a través de carteis no seu centro.
- 5) Dende Caritas parroquial e o propio párroco (Don Ricardo) queden en difundir estas accións entre o seus usuarios.

III.3.- A FASE DURANTE

A implementación deste proxecto concretouse en:

Táboa nº 1: Actividades do Proxecto “Medrando cos nosos maiores”.

ACTIVIDADES	DATAS	LUGAR DE IMPLEMENTACIÓN	DESTINATARIOS
Charla-Colóquio : “USO RACIONAL DA MEDICACIÓN”	7 de marzo de 2018, de 10:00 a 12.00	C.S.C. das Fontiñas	<ul style="list-style-type: none"> ■ Maiores que participan das actividades da entidades do barrio das Fontiñas ■ Técnicos das entidades da rede comunitaria do barrio de Fontiñas.



Actividade práctica “USO DA TELEFONÍA MÓBIL”	14 de marzo de 2018, de 10:00 a 12.00	C.S.C. das Fontiñas	Maiores que participan das actividades da entidades do barrio das Fontiñas
Obra de Teatro: “ Universos de Lectura”	24 de maio de 2018, de 17:00 a 19.00	I.E.S. Antonio Fraguas	Maiores que participan das actividades da entidades do barrio das Fontiñas Técnicos das entidades da rede comunitaria do barrio de Fontiñas. Alumnado do IES Antonio Fraguas

Fonte: Datos extraídos do cómputo de asistentes e profesionais participantes: PASS Fontiñas, Cruz Vermella e Centro de saúde das Fontiñas .



IV.- A avaliación dos resultados





IV.1.- COMO SE FIXO A AVALIACIÓN?

Unha vez mais, en consonancia coa outros proxectos comunitarios xa realizados, se considera de especial relevancia a realización dunha avaliación participativa, que é sinónimo de risco e é básica para plantexar, no futuro, outras accións que sexan de interese para a comunidade. A metodoloxía para a realización de avaliación foi basicamente a seguinte:

- a) Realizouse unha avaliación inicial do contexto xeográfico e social no que se desenvolve o proxecto. É contextualizado na realidade social e territorial do barrio de Fontiñas; realízase así unha descrición da súa realidade social, en canto a número de habitantes, estruturación por colectivos de idade, movementos poboacionais, condicións de vivenda, diversidade cultural e socioeconómica dos seus habitantes e as principais problemáticas sociais que imperan na zona.

Vincúlase o proxecto co III Diagnóstico Social¹, elaborado no ano 2015 cun enfoque comunitario, tendo en conta a mencionada realidade social e o aproveitamento da potencialidade e da oportunidade² derivada dunha intervención comunitaria consolidada e estable no tempo. Así, é relacionado con dúas liñas de intervención que se consideran básicas na zona:

- **Liña nº 4 do III Diagnóstico Comunitario**: Activar proceso de solidariedade social.
- **Liña nº 15 do III Diagnóstico Comunitario**: Activación do voluntariado social.
- **Liña nº 11 do III Diagnóstico Comunitario**: Actividades de convivencia comunitaria

- b) Prográmase igualmente a realización da avaliación pormenorizada da implementación do proxecto, describindo as fases do seu desenvolvemento:

- ☞ A fase "inicio": de quen partiu a iniciativa , froito das xuntanzas comunitarias .

¹ Mais información na web www.compostelaintegra.gal

² **III Diagnóstico Comunitario do Barrio de Fontiñas** (ano 2015). Documento que consta no apartado de "Documentación da rede do Barrio de Fontiñas" dentro da web www.compostelaintegra.gal .



- ☞ A "fase PRE-": concretar e darlle forma á idea, a difusión, a distribución de roles, os contactos cos poñentes, etc.
- ☞ A fase "durante": a implementación dos obradoiro, a distribución dos gastos- funcións, etc.

E podemos constatar como o proxecto incide en distintos ámbitos:

- ☞ Na prevención, tanto na de índole primaria como na secundaria (minguar elementos de risco).
- ☞ Trabállase dende a propia realidade para dar resposta as demandas.

c) E tamén se realiza unha avaliación de resultados, dende distintas ópticas:

- ☞ **Cuantitativa**, a través do cálculo e interpretación dos indicadores formulados previamente, e que fan referencia a:

ASPECTO A AVALIAR		INDICADORES
AVALIACIÓN CUANTITATIVA	Organización e implementación	Nº de profesionais encargados da elaboración e organización do Proxecto
		Nº de profesionais que participan nos obradoiros
	Impacto e participación	Nº de persoas maiores que participan nos obradoiros / nº de maiores previsto
		Nº de profesionais asistentes do eido social

- ☞ **Cualitativa**, a través da análise do cuestionario que se lle pasou ao asistentes, e que fan referencia a:

ASPECTO A AVALIAR		INDICADORES
AVALIACIÓN CUALITATIVA	Valoración dos maiores, a través da enquisas:	Grao de utilidade da información recibida
		Exposición dos contidos
		Propostas de mellora e suxestións



A avaliación é concebida neste proxecto como unha ferramenta que evidencia os obstáculos que apareceron no camiño, pero tamén as potencialidades que xurdiron, polo que debe permitir a construción de novos escenarios, que probablemente se van materializar en futuros proxectos de intervención conxunta e mostrándose como unha avaliación non é o final dun proceso, senón un punto e seguido nas iniciativas comunitarias, que incluso as reforza e potencia.

É obrigado dar a coñecer á comunidade os resultados da implementación do proxecto, polo que o informe final de avaliación será incorporado, ao igual que xa estaba o proxecto, no apartado de documentación da web www.compostelaintegra.gal

IV.2.- AVALIACIÓN CUANTITATIVA

- **1º Actividade: Charla-Colóquio : “USO RACIONAL DA MEDICACIÓN”** a cargo de M^a Mar Ferro Soto (Farmacéutica C.S Fontiñas), Dolores Montiel Carracedo (Médico C.S Fontiñas), M^a Alcira Baleato Negreira (Traballadora social C. S Fontiñas) e Fernando Rodríguez Gerpe (ATS).
- **2. Actividade práctica sobre o “USO DA TELEFONÍA MÓBIL”** a cargo do alumnado en prácticas da USC , Facultade de Ciencias da Educación, técnicas do PASS Fontiñas e traballador social de Saúde de Fontiñas.
- **3. Actividade Obra de Teatro: “ UNIVERSOS DE LECTURA”** a cargo do alumnado do grupo de teatro do IES Antonio Fraguas.

ASPECTOS A AVALIAR		INDICADORES	Nº	OBSERVACIÓNS
AVALIACIÓN CUANTITATIVA	Organización e implementación	Nº de profesionais encargados da elaboración e organización do Proxecto	5	* Traballadora social do centro de saúde de Fontiñas * Traballadora social de Cruz Vermella * Técnicas do PASS Fontiñas (Traballadoras sociais e educadora social).
		Nº de profesionais colaboradores	4	* Párroco Fontiñas * Cáritas Fontiñas * Centro Abeiro * Orientadora do IES Antonio Fraguas
		Nº de profesionais que difunden o Proxecto	7	* Traballadora social do centro de saúde de Fontiñas * Traballadora social de Cruz Vermella * Técnicas do PASS Fontiñas (Traballadoras sociais e educadora social). * Párroco Fontiñas * Cáritas Fontiñas * Centro Abeiro



	Nº de profesionais que participan na Charla-Coloquio (7 de marzo de 2018)	4	* M ^ª Mar Ferro Soto (Farmacéutica C.S Fontiñas) * Dolores Montiel Carracedo (Médico C.S Fontiñas) * M ^ª Alcira Baleato Negreira (Traballadora social C. S Fontiñas) * Fernando Rodríguez Gerpe (ATS).
	Nº de profesionais que participan na actividade práctica (14 de marzo de 2018)	8	* Alumnado en prácticas da USC da Facultade de Ciencias da Educación (4) * Técnicas do PASS Fontiñas (3) * Traballador social de Saúde de Fontiñas.
	Nº de profesionais que participan na Obra de Teatro (24 de maio de 2018)	15	* Alumnado do IES Antonio Fraguas
Impacto e participación	Nº de maiores que participan na charla-coloquio / nº de asistentes previsto	50/50= 100 %	
	Nº de maiores que participan na actividade práctica de móbiles/ nº de asistentes previsto	9/12= 75%	
	Nº de maiores que participan na Obra de Teatro (24 de maio de 2018)	45/50 = 90 %	

IV.3.- AVALIACIÓN CUALITATIVA

A avaliación cualitativa realizada polos asistentes recolleuse a través de enquisa e mediante entrevistas/foro xerado ao final de cada sesión.

As expresións recollidas de seguimento reflicten a satisfacción dos participantes coas accións organizadas:

- * Gustoume moito o que dixon.
- * Era a médico do meu centro de saúde e a farmacéutica. Estaban todos xuntos.
- * Que razón teñen.
- * Gustáronme moitos os consellos; caixa de pímulas, entregar o que non se precise, levar o listado coa medicación que tomo cando vou de vacacións, consultar dúbidas, non automedicarse...
- * As mostras de exercicios foron moi interesantes



No tocante as enquisas do proxecto os resultados obtidos foron:

Ítem analizado: "A sesión foi entretida".

PUNTUACIÓN	"MEDRANDO COS NOSOS MAIORES"
1	0%
2	0%
3	0%
4	14%
5	85.71 %

Fonte: Datos extraídos dos cuestionarios pasados ao maiores, volcado e análise estatística realizada polo PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).

Ítem analizado: "Comprensión dos contidos".

PUNTUACIÓN	"MEDRANDO COS NOSOS MAIORES"
1	0%
2	0%
3	0%
4	23.8%
5	76.19%

Fonte: Datos extraídos dos cuestionarios pasados ao maiores, volcado e análise estatística realizada polo PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).

Ítem analizado: "Utilidade dos contidos".

PUNTUACIÓN	"MEDRANDO COS NOSOS MAIORES"
1	0%
2	0%
3	0%
4	4.76%
5	95.23%

Fonte: Datos extraídos dos cuestionarios pasados ao maiores, volcado e análise estatística realizada polo PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).

Ítem analizado: "Aclaración de dúbidas".

PUNTUACIÓN	"MEDRANDO COS NOSOS MAIORES"
1	0%
2	0%
3	0%
4	14.2%
5	85.71

Fonte: Datos extraídos dos cuestionarios pasados ao maiores, volcado e análise estatística realizada polo PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).



Ítem analizado: "Gustaríame seguir traballando estes contidos".

PUNTUACIÓN	"MEDRANDO COS NOSOS MAIORES"
1	0%
2	0%
3	0%
4	0%
5	100%

Fonte: Datos extraídos dos cuestionarios pasados ao maiores, volcado e análise estatística realizada polo PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).

En liñas xerais, a avaliación do proxecto foi satisfactoria, con puntuacións superiores a 4, nun intervalo de 1 a 5.

Resulta de interese plasmar a valoración positiva e o interese xerado no referido ao obradoiro de móbiles e a charla de medicamentos, constatando que as novas tecnoloxías e a saúde son dous ámbitos onde os maiores se senten atraídos.

IV.4 - GRAO DE CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS

Vexamos agora os obxectivos que se recollían no proxecto e o grao de consecución dos mesmos, unha vez implementado:

- **Xerais:**

*Promover hábitos socialmente saudables (aquelas condutas ou pautas de acción levadas a cabo pola persoa maior, orientadas de maneira principal a manter, desenvolver e potenciar as súas redes de apoio social), así como o establecemento de novos comportamentos potencialmente exitosos.

*Obxectivo acadado a través : Charla-Colóquio : "USO RACIONAL DA MEDICACIÓN" a cargo de M^a Mar Ferro Soto (Farmacéutica C.S Fontiñas), Dolores Montiel Carracedo (Médico C.S Fontiñas), M^a Alcira Baleato Negreira (Traballadora social C. S Fontiñas) e Fernando Rodríguez Gerpe (ATS). *Importante destacar a sensibilización e a alta participación dos asistentes.**

* Mellorar a calidade de vida da poboación maior do barrio

Obxectivo acadado a través dos contidos traballados a través das diferentes sesións formativas programadas.



*Optimizar as destrezas, capacidades e habilidades persoais que permitan o máximo grao de autonomía.

Obxectivo acadado a través dos contidos traballados a través das diferentes sesións formativas programadas.

*Mellorar o equilibrio persoal do individuo previndo posibles problemas de afastamento e soidade.

Obxectivo acadado a través dos contidos traballados a través das diferentes sesións formativas programadas.

*Desenvolver unha atención integral á poboación e, en especial, aos sectores máis vulnerables.

Obxectivo acadado a través dos contidos traballados a través das diferentes sesións formativas programadas.

- **Específicos:**

*Xerar no barrio de As Fontiñas procesos de participación comunitaria centrado este proxecto na participación das persoas maiores.

Obxectivo acadado a través das tres sesións formativas programadas.

* Promover espazos de convivencia entre mozos e mozas e os maiores.

*Obxectivo acadado a través das sesións **Actividade práctica sobre o “USO DA TELEFONÍA MÓBIL” e Actividade Obra de Teatro: “ Universos de Lectura”** a cargo do alumnado do grupo de teatro do IES Antonio Fraguas.*

b) Actividade sobre a saúde:

*Concienciar sobre o uso racional de medicacións, adherencia terapéutica e das consecuencias que poden ter este tipo de accións sobre a saúde.

*Tratamentos de obrigado cumprimento.

*Realizar un adecuado almacenaxe da medicación.

*Información sobre puntos de reciclaxe da medicación.

*Outros.....



*Obxectivo acadado a través : Charla-Colóquio : “USO RACIONAL DA MEDICACIÓN” a cargo de M^a Mar Ferro Soto (Farmacéutica C.S Fontiñas), Dolores Montiel Carracedo (Médico C.S Fontiñas), M^a Alcira Baleato Negreira (Traballadora social C. S Fontiñas) e Fernando Rodríguez Gerpe (ATS). *Importante destacar a sensibilización e a alta participación dos asistentes.**

b) Actividade sobre as tecnoloxías da comunicación:

- *Incrementar as competencias nas novas tecnoloxías.
- *Comprender os mecanismos básicos do teléfono móbil: acender, apagar, chamar, crear contactos de emerxencia, coñecer o número de emerxencia, etc.
- *Resolver dúbidas, previas a actividade como posteriores á mesma.
- *Fomentar a súa utilización na vida cotiá.
- *Fomentar a autonomía e promover unha maior integración na sociedade mediante a utilización das TIC.

Obxectivo acadado a través : Actividade práctica sobre o “USO DA TELEFONÍA MÓBIL” a cargo do alumnado en prácticas da USC , Facultade de Ciencias da Educación, técnicas do PASS Fontiñas e traballador social de Saúde de Fontiñas.

IV.5 – SUXESTIONS PARA VINDEIRAS EDICIONS

Nos propios cuestionarios de avaliación, se solicitaba que realizaran suxestións para vindeiras accións formativas. Trátase, unha vez mais, de realizar proxectos participativos e colaborativos, e en ningún caso impositivos, carentes de interese para os seus destinatarios. Recóllense aquí parte das suxestións realizadas por escrito:

O obradoiro de móbiles e a charla de medicamentos foron as dúas sesións mais instrutivas e atractivas resultaron para os maiores, constatando que as novas tecnoloxías e a saúde son dous ámbitos onde os maiores se senten atraídos e nas que demandan seguir incidindo.



CONCELLO DE SANTIAGO



Cruz Vermella



SERVIZO GALEGO de SAÚDE



V.-A MODO DE RESUMEN

Lacort



V.1- A actividade en imaxes

1- Charla-Colóquio : “USO RACIONAL DA MEDICACIÓN” a cargo de M^a Mar Ferro Soto (Farmacéutica C.S Fontiñas), Dolores Montiel Carracedo (Médico C.S Fontiñas), M^a Alcira Baleato Negreira (Traballadora social C. S Fontiñas) e Fernando Rodríguez Gerpe (ATS). Realizada o día 7 de marzo de 2018 no Centro Sociocultural das Fontiñas.







2. **Actividade práctica sobre o “USO DA TELEFONÍA MÓBIL”** a cargo do alumnado en prácticas da USC , Facultade de Ciencias da Educación, técnicas do PASS Fontiñas e traballador social de Saúde de Fontiñas.





3. **Obra de Teatro : “Universos de Lectura”** aproveitando a Aula de Teatro existente no centro educativo.







V.2- Soportes documentais

Cartel divulgativo do proxecto "Medrando cos nosos maiores":

CONCELLO DE SANTIAGO Cruz Vermella BARRIO DAS FONTIÑAS SERVIZO GALEGO de SAÚDE

"Medrando cos nosos maiores"

- 7 de marzo de 11:00 a 12:00 horas no salón de actos do Centro Sociocultural das Fontiñas **USO RACIONAL DA MEDICACIÓN**
- 14 de marzo de 10:00 a 11:30 horas no salón de actos do Centro Sociocultural das Fontiñas **USO DE TELEFÓNÍO MÓBIL**
- 24 de maio as 17:00 no salón de actos do IES Antonio Fraguas obra de teatro "Universos de Lectura"



Uso racional da medicación



Mércores 7 de marzo de 2018

Horario: 11 horas

Lugar: Centro Sociocultural Fontiñas

Colaboran:

M^a Mar Ferro Soto (farmacéutica C.S. Fontiñas)

Dolores Monte Carmeado (Médico C.S. Fontiñas)

Organizan:

PA SS Fontiñas (Trabaladoras Sociais e Educadora Social Fontiñas)

M^a Alicia Balebo Negreira (Trabaladora social C.S. Fontiñas)

M^a Carmen Vila Miramonte (Trabaladora social Cruz Vermella)

Cada vez máis preto das persoas





Cartel divulgativo da obra de teatro “ Universo de lectura”





Folla de avaliación:

ÍTEMS	PUNTUACIÓN
A sesión foi dinámica e entretida	1 2 3 4 5
Entendeuse a explicación facilitada sobre os contidos abordados	1 2 3 4 5
Paréceme unha temática útil para a miña vida cotiá	1 2 3 4 5
Gustaríame seguir aprendendo sobre:	1 2 3 4 5
Respondéronse e aclaráronse ás miñas dúbidas	1 2 3 4 5
Penso que débense facer máis actividades de este tipo	1 2 3 4 5
Suxestións:	